

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 17 DE MARZO DE 2023

### Asistentes:

#### Presidente

Prada Rodríguez, Julio

#### Vicedecanos

Arribas Álvarez, M<sup>a</sup> Carmen

Presedo Garazo, Antonio

#### Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

#### PDI

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Pérez Rodríguez, Fco. Javier

#### Estudantes

Domínguez Carrera, Lucía

González Jorge, David

Rama Mosquera, Alejandro

Rodríguez Álvarez, Lucía

#### PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

#### Excusan Asistencia

#### PDI

Comendador Rey, Beatriz

De Uña Álvarez, Elena P.

Reboreda Morillo, Susana M<sup>a</sup>

#### PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

A reunión realizarase de xeito presencial na sala de profesorado do Edificio de Facultades e de xeito telemático mediante o Campus Remoto, na sala de Xuntas 1 da Facultade de Historia, coa participación dos membros que se citan á marxe o venres 17 de marzo ás 10,30 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do martes día 20 de decembro de 2022.
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, do cambio de horario das materias de Arte Clásica e Historia Contemporánea Universal, xa aprobados en Comisión Permanente o 24 de febreiro de 2023.
4. Aprobación, se procede, do nomeamento de coordinador/a de Relacións Exteriores da Facultade, de enlace de igualdade e da persoa encargada de coordinar as accións orientadas á obtención polo Centro do distintivo de Igualdade.
5. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de xestión docente para o curso 2023/2024.
6. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas de 4<sup>o</sup> para o curso 2023/2024.
7. Aprobación, se procede, da PDA para o curso 2023/2024.
8. Aprobación, se procede, da proposta das Xornadas da Facultade de Historia "Violencia e Morte na Historia" para a solicitude das axudas para actividades extraacadémicas do ano 2023.
9. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos, xa validados en Comisión de Calidade:
  - 9.1. R1 PE01 P1. Identificación das necesidades de PAS do centro.
  - 9.2. R2 PE01 P1. Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.
  - 9.3. R3 PE02 P1. Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas do PDI.



- 9.4. Informe para a revisión interna de seguimento de centros e de titulacións oficiais de grao e mestrado (102 R3-D0102 P1). Convocatoria 2022- 2023 (curso avaliado 2021-2022).
10. Aprobación, se procede, das alegacións da Facultade de Historia ao proxecto de Orde polo que se establecen os requisitos para a verificación dos planos de estudos conducentes á obtención dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesión de Mestra/e en Educación Primaria e Educación Infantil
  11. Designación dun membro do PDI con dedicación a tempo completo, vinculación permanente e polo menos un sexenio recoñecido para a Comisión de avaliación dos premios INOU2023.
  12. Aprobación, se procede, da proposta de ascrición das materias de formación básica do plano de Estudos do Grao de Xeografía e Historia unicamente ao Departamento de Historia, Arte e Xeografía.
  13. Asuntos de urxencia.
  14. Rolda de Intervencións.

O decano da lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que desculpan a súa ausencia a sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

## **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do martes día 20 de decembro de 2022.**

A prof. María López Díaz sinala que no punto 2 “execución orzamentaria”, a redacción da Acta parece darlle á súa intervención un ton impositivo, o que non era a súa intención.

Con esa matización, aprobouse a Acta por asentimento.

## **2. Informe do presidente.**

Comenta o presidente que o pasado 18 de xaneiro celebrouse un consello de campus, moi centrado na cuestión da acreditación do Campus Auga. Destaca a defensa realizada pola profesora Elena de Uña do mantemento da titulación de Historia no mesmo a través do GEATT, que na actualidade é o único dos nosos grupos de investigación que continúa coa súa vinculación ao mesmo.

Sinala o decano que o pasado 2 de febreiro tivo coñecemento de que en Santiago se levaba á Xunta de Facultade a ampliación dun 10% no número de prazas do Grao de Historia, ata as 110, e transmitiullo á vicerreitora de Extensión Universitaria para que á súa vez, fíxese chegar a nosa preocupación ao equipo reitoral e este se implicase como tal na defensa dunha visión de conxunto do SUG.

Informa a continuación o presidente de distintas actividades relacionadas coa difusión do grao:

- a) O 13 de febreiro se celebrou a Xornada «Coñece as túas institucións» coa presenza de tres ex parlamentarios galegos para o alumnado de 3º curso, pero tamén coa idea da difusión do grao, e que tivo unha importante repercusión mediática.
- b) O 24 de febreiro, organizado pola APA e o profesor Tomás Cotos do IES de As Lagoas, levouse a cabo unha xornada de presentación das titulacións do Campus para alumnado de 2º de Bacharelato. Considera o decano que o evento tivo éxito, aínda que poucos alumnos amosaron a súa disposición a estudar o Grao de Xeografía e Historia.
- c) Engade que estaba previsto que o 10 de marzo a Facultade estivese representada cun stand na Xornada de Orientación Universitaria no CUVI con alumnado de FP, Bacharelato e últimos curso da ESO, pero finalmente esta actividade foi suspendida pola vicerreitoría competente.
- d) Sinala que o vindeiro 22 de marzo está prevista a celebración da Feira de Emprego no campus, e pide aos membros da xunta que conviden a asistir ao seu alumnado a algún dos talleres previstos.



e) Para o 13 de abril están previstas unha xornadas de presentación das titulacións e os servizos do campus para unha serie de institutos, que se organiza dende a vicerreitoría do campus.

f) O 20 de abril espérase a visita do alumnado do IES Blanco Amor para coñecer as titulación do ámbito Humanístico e Xurídico-Social, á espera de que confirmen a súa asistencia á xornada do 13 ou se integren na mesma.

A continuación, comenta o presidente que o pasado 10 de marzo participou nunha xornada en Santiago de presentación da nova Formación Dual na Universidade que, xunto coas reformas derivadas da LOSU, é de supoñer que obriguen aos nosos títulos a adaptarse a esa nova realidade normativa.

Para rematar, sinala que dende a Facultade estase colaborando co vicerreitorado de Extensión Universitaria no actos de conmemoración do centenario do Seminario de Estudos Galegos en Ourense, que pasan por una serie de visitas do alumnado do IES O Ribeiro e do IES de Allariz previstas para os días 19 e 26 de maio.

### **3. Aprobación, se procede, do cambio de horario das materias de Arte Clásica e Historia Contemporánea Universal, xa aprobados en Comisión Permanente o 24 de febreiro de 2023.**

Apróbase por asentimento.

### **4. Aprobación, se procede, do nomeamento de coordinador/a de Relacións Exteriores da Facultade, de enlace de igualdade e da persoa encargada de coordinar as accións orientadas á obtención polo Centro do distintivo de Igualdade.**

Comenta o decano que, como xa anticipara nun correo electrónico do 6 de febreiro, a profesora Susana Reboreda comunicou que renunciaba á coordinación das Relacións Exteriores da Facultade, ao tempo que amosaba a súa disposición para rematar o presente curso e axudar en todo a persoa que a substituíse. Ofrecéronse para asumir a encomenda, en primeiro lugar o prof. Luis Velasco e máis tarde o prof. Antonio Presedo, aínda que ao presentarse este último, o primeiro deles renunciou a manter a súa candidatura, por considerar que sempre é mellor que sexa unha persoa adscrita á titulación e con presenza permanente no campus. Engade que, se non hai outros candidatos, procederíase ao seu nomeamento.

O presidente manifesta que, como tamén expuxera no devandito correo, considera que sería interesante que a medio prazo o Centro puidese contar co **DISTINTIVO DE IGUALDADE**, para o cal sería preciso traballar a dous anos vista para concorrer á convocatoria que, se se mantén o calendario deste ano, sairá en decembro de 2024. Trataríase de que, ao longo deste tempo, unha persoa, en coordinación co decanato, se encargase de coordinar todas as accións cara a consecución deste obxectivo. A profesora Beatriz Comendador ofreceuse para asumir esta encomenda e, xa convocada a Xunta, a profesora Susana Reboreda comunicounos que en función deste nomeamento

consideraba oportuno que a persoa designada pola Xunta asumise tamén as funcións de enlace de igualdade. A prof. Beatriz Comendador manifestou a súa disposición para asumir igualmente esa encomenda, polo que o decano propón que, como no caso anterior, se non hai novas postulacións, se proceda ao seu nomeamento.

Pola contra, sinala o decano, que ninguén se postulou para asumir as tarefas de captación no campus de Ourense, polo que continuará el coas mesmas, coa axuda do prof. Xosé Ramón Campos no que a cuestión de redes sociais e difusión se refire.

O presidente, quere deixar constancia do seu agradecemento tanto a ao prof. Antonio Presedo como a prof. Beatriz Comendador pola asunción destas novas responsabilidades.

Apróbanse todos os nomeamentos por asentimento.

## **5. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de xestión docente para o curso 2023/2024.**

Indica o decano que, como xa anticipara, na bolsa de centros remitida dende o Vicerreitorado de Profesorado, Docencia e Titulacións contemplase unha significativa redución de 23 horas respecto ao actual curso académico (de 188 a 165 horas, o que supón o 12,234% do total). Reflexiona o decano sobre a forma de elaborarse esta bolsa por parte da Universidade, xa que resulta curioso que subindo todos os indicadores como aconteceu estes últimos anos a Facultade baixa na bolsa global de puntos. Ademais desa baixada en horas, se produce tamén unha baixada no valor do punto/hora (de 0,2443 a 0,23).

Na proposta que se achega aparecen destacados en vermello os cambios nas persoas asignadas a diferentes tarefas de coordinación (as aprobadas no punto anterior) e hai unha primeira columna na que se indica como quedarían esas desgravacións co que serían as reducións lineais aplicando esa redución do 12,234%; e unha segunda columna, na que se recolle o que sería o reparto das 28 horas que cedería o decano dos diversos apartados que lle corresponden, ademais das 3 que cede o prof. Xosé Ramón Campos. Séguese coa idea de ir aproximando o que recibimos realmente en cada un deses apartados na bolsa e o que son as desgravacións que finalmente se propoñen, considerando que nalgúns casos, en tarefas que e necesario facer, as desgravacións propostas pola Vicerreitoría son moi reducidas (como é no caso da coordinación das relacións exteriores da Facultade).

Remata o decano ofrecéndose a aclarar calquera dúbida que poidan ter os membros da xunta en relación coa bolsa de centros e o seu reparto. Non se suscita ningunha dúbida.

Aprobase por asentimento.

## **6. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas de 4º para o curso 2023/2024.**

Indica o decano que o pasado curso académico introduciuse unha mellora do procedemento elección optativas que consistía na elaboración dun sinxelo formulario no que o alumnado marca as súas preferencias e responde ao prof. Domingo Rodríguez, en calidade de secretario, que da fe do reconto e conserva as evidencias enviadas polo alumnado. Nesta ocasión elixiron as mesmas materias que no curso anterior. Na documentación da convocatoria inclúese esa certificación que da fe do proceso.

Aprobase a oferta de materias optativas por asentimento.

## **7. Aprobación, se procede, da PDA para o curso 2023/2024.**

Sinala o presidente, en relación coa PDA que, como tamén se anticipou, aínda que o total de horas a impartir no Grao descende lixeiramente respecto do curso pasado (aproximadamente 33 horas), o feito de que no curso actual non teñamos cuberto o máximo teórico de horas vains permitir para o próximo curso manter o mesmo número de grupos, toda vez que ninguén que tivese tres grupos para as clases prácticas manifestou que desexaba reducilos a dous, que era a filosofía que aprobamos o pasado curso académico para o caso de que nun momento determinado non alcanzase a bolsa de centros; afortunadamente este curso no ocorre así e mantense o mesmo número de grupos pero haberá que estar a ver que pasa en anos vindeiros.

Comenta a continuación dúas novidades que aparecen na PDA. Neste curso académico as normas de elaboración da PDA permitían destinar un máximo do 3% da bolsa total de horas co fin de impartir formación presencial relacionada coa elaboración do TFG e a realización das prácticas a todo o alumnado matriculado nestas materias. Como a nosa PDA xa tiña cuberto ao 100% o número máximo de horas, fíxose unha consulta ao Vicerreitorado e a resposta foi que se nos permitiría destinar 8 horas a esas tarefas sen repercutir no resto das horas da PDA. A proposta e a novidade é que na PDA aparecen 4 horas reservadas para TFG e outras tantas para Prácticas, que serán asumidas polos respectivos coordinadores.

Ofrécese o decano a aclarar calquera dúbida en relación coa PDA. Non hai preguntas nin comentarios.

Apróbase a PDA por asentimento.

## **8. Aprobación, se procede, da proposta das Xornadas da Facultade de Historia “Violencia e Morte na Historia” para a solicitude das axudas para actividades extraacadémicas do ano 2023.**

Indica o presidente que neste punto o que se somete a aprobación é a proposta que xa se ten comentado e que está consensuada e xa en marcha (dividir estas xornadas en dúas quendas: primeiro e segundo cuadrimestre) para participar na convocatoria de actividades extraacadémicas e de difusión deste ano 2023.

Aprobase por asentimento.

**9. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos, xa validados en Comisión de Calidade:**

**9.1. R1 PE01 P1. Identificación das necesidades de PAS do centro.**

**9.2. R2 PE01 P1. Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.**

**9.3. R3 PE02 P1. Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas do PDI.**

**9.4. Informe para a revisión interna de seguimento de centros e de titulacións oficiais de grao e mestrado (102 R3-D0102 P1). Convocatoria 2022- 2023 (curso avaliado 2021-2022).**

Informa o decano que se trata de procedementos xa validados pola comisión de calidade e achegados coa convocatoria, polo que se someten a aprobación da Xunta, sen prexuízo de que algún membro da mesma desexe intervir ou facer calquera precisión.

Non producíndose intervencións, apróbanse a totalidade dos rexistros por asentimento.

**10. Aprobación, se procede, das alegacións da Facultade de Historia ao proxecto de Orde polo que se establecen os requisitos para a verificación dos planos de estudos conducentes á obtención dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesión de Mestra/e en Educación Primaria e Educación Infantil.**

Comenta o presidente que esta cuestión se resume en que existe un proxecto de Orde Ministerial que servirá de base para a obtención dos títulos de Mestre en Educación Infantil e Primaria polo cal se reduce substancialmente a carga docente para as Didácticas Especiais (afecta a Matemáticas, Ciencias Sociais, Ciencias Experimentais, Lingua e Expresión Plástica) que pasarían a ter 6 créditos, o que significaría que as materias de Xeografía e Historia pasarían a ter unicamente 3+3 créditos. Isto orixinou un movemento bastante amplo de asociacións de Xeógrafos e Historiadores que promoveron acordos nas súas respectivas asociacións e entre os seus membros como profesores de distintos departamentos e centros, para a elaboración de documentos nos que, en esencia, se pide a retirada deste proxecto de Orde e que se inicie un proceso de negociación con todos os sectores implicados.

O que se presenta é un documento consensuado polo profesorado do Departamento e da Xunta de Facultade que imparte docencia nas titulacións implicadas tanto no campus de Ourense como o de Pontevedra.

Invita o decano a os membros da Xunta a facer os comentarios que consideren oportunos ou solicitar as aclaracións que estimen necesarias.

O prof. Antonio Presedo indica que as alegacións enténdense perfectamente e que se trata dun acordo necesario. Considera necesario

posicionarse ante esta posible redución dos contidos de Xeografía e Historia, sobre todo porque se trata de titulacións nas que se forman futuros mestres. Reducir horas nestas materias afectará moi negativamente á formación do alumnado de secundaria.

O decano sinala que esa é a idea, a proposta afecta ás didácticas especiais, entre as que se encontran as Ciencias Sociais, e que esas horas que se reducen se destinarían á organización escolar. Indica que o procedemento será enviar estas alegacións, xunto coas que saian do Consello de Departamento, á dirección de correo do Ministerio e, dadas as queixas que lle chegan nesta dirección, é de agardar que tome nota o Ministerio.

O prof. Fermin Pérez Losada pregunta sobre o proceso para enviar o documento, se hai que enviálo ao mail e non por rexistro.

O decano indica que se fixeron consultas e que, en efecto, o lóxico sería enviálo por rexistro electrónico, pero que a única canle aberta polo Ministerio e o correo electrónico.

A prof. María López Díaz sinala que se trata do mesmo procedemento que o Ministerio empregou no seu día coa ABAU. O Ministerio o que pretende e recibir alegacións de calquera sector (a título particular ou institucional), de aí o recurso ao correo electrónico. A comisión que redacta o proxecto recollerá todas esas alegacións e as revisará; que as teñan en conta xa é outra cuestión.

O prof. Fermín Pérez Losada indica que a súa pregunta respondía ao feito de que se só se pode enviar un correo ao Ministerio, non queda outro rexistro mais que o correo dende o que se enviou o documento.

A prof. María López Díaz sinala que se trata dun procedemento no que non cabe agardar resposta, o correo é simplemente para recoller as alegacións que se presenten.

Sinala o decano que este é o procedemento e que, ao final, vai depender do nivel de presión política que reciban. Non é algo que estea exclusivamente nas nosas mans polo que o importante é que cheguen o maior número de alegacións e se produza unha rectificación.

Apróbase por asentimento.

## **11. Designación dun membro do PDI con dedicación a tempo completo, vinculación permanente e polo menos un sexenio recoñecido para a Comisión de avaliación dos premios INOU2023.**

Comenta o decano que cada ano se convocan estes proxectos e nos pedirán un representante do ámbito de Humanidades co requisito de que non sexa membro dun grupo que presente unha proposta, aínda que advirte que nesta convocatoria se introduciron cambios respecto ás anteriores. Dende o decanato propónse á profesora María López Díaz.

Aprobase a súa designación por asentimento.



## **12. Aprobación, se procede, da proposta de adscrición das materias de formación básica do plano de Estudos do Grao de Xeografía e Historia unicamente ao Departamento de Historia, Arte e Xeografía.**

Comenta o presidente que todos os anos nos piden un segundo departamento para a adscrición das materias de formación básica. A práctica consolidada doutros anos era que na Xunta se comentaba esta cuestión e logo se mandaba un escrito, no que se indicaba que a nosa proposta era adscribilas unicamente ao Departamento de Historia, Arte e Xeografía. Dende o punto de vista formal, como isto implica un acordo que debe ser certificado, este ano decidiuse incluílo como punto da orde do día, tomar acordo e enviar esa certificación. O curso pasado se fixera un modelo de xustificación, que foi aceptado. A continuación o decano da lectura á proposta de acordo:

“Propoñer, ao igual que en cursos pasados, a adscrición das materias de formación básica do plano de Estudos do Grao de Xeografía e Historia unicamente ao Departamento de Historia, Arte e Xeografía”.

A decisión anterior tomouse, entre outras, polas seguintes razóns:

1. A planificación docente e, en particular, os contidos das devanditas materias non aconsellan outra adscrición, por ser este o único Departamento que conta con profesorado especializado. Neste senso, debe terse en conta que a natureza omnicompreensiva deste (reúne a todas as Áreas de Historia, Arte e Xeografía) determina que non existan na Universidade de Vigo Departamentos que puideran considerarse afíns como sucedería, por exemplo, se as devanditas Áreas formasen parte de Departamentos diferentes.
2. A totalidade das Áreas implicadas contan coas súas correspondentes listas de agarda activas, polo que non é previsible que se produzan problemas de asignación de docencia”.

Aprobase por asentimento.

## **13. Asuntos de urxencia.**

Sinala o presidente que onte o prof. Carlos Alberto Patiño, despois de falar co alumnado, solicitou que o exame da convocatoria de xullo de Fundamentos de Xeografía Humana pase do 27/06/2023 ao 07/07/2023 no mesmo horario (10:00h.) pola asistencia do profesor responsable a un Congreso.

Formalmente non se pode tomar acordo, xa que os asuntos de urxencia requiren a presenza de todos os membros da Xunta de Facultade. En calquera caso, pide que cando menos a Xunta se dea por enteirada e se proceda a tal modificación.

## **14. Rolda de Intervencións.**

O prof. Fermín Pérez Losada indica que o mércores pasado se reuniu a CAM do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, que apobrou a correspondente PDA e a bolsa de recoñecementos.



Comenta o decano que a intervención do prof. Fermín Pérez Losada responde a que debe quedar constancia de que se remite ao Centro, dado que o Máster está adscrito a este, aínda que a CAM é soberana para dispoñer sobre a devandita PDA e a bolsa de recoñecementos.

Remata a sesión ás 11,15 h do día 17 de marzo de 2023, da que eu como secretario dou fe co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro